

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO X14

LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons
Xosé Manuel Baamonde
Vicente Badenes
Juan Manuel Corbacho
Alberto Dafonte Gómez
Ana Belén Fernández Souto
Julia Fontenla
David Formoso
Oswaldo García Crespo
Silvia García Mirón
Pedro Pablo Gutiérrez
Beatriz Legerén
Jorge Lens Leiva
Carmen López de Aguilera
M^a Isabel Martínez Martínez
Xabier Martínez Rolán
Carmen Maiz Bar
M^a Isabel Míguez
Julinda Molares Cardoso
Alberto Pena Rodríguez
Paulino Pérez Feijoo

Diana Ramahí
Fortunato Rodríguez Fernández
Octavio Rodríguez Nieto
Ana Suárez Mariño
José Rúas Araujo
Emma Torres Romay
Montse Vázquez Gestal

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 5 de xuño, convocada para as 13.00h na sala 20 da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

Punto único: Aprobación, se procede, das CEAS (Comisións Específicas de Área) encargadas de vulgar a praza de Axudante Doutor do Plan de Promoción de Asociados Acreditados e a praza de Axudante Doutor da Unidade Docente Seleccionada.

O director de Departamento, José Rúas, informa que, previsiblemente, o luns xuntarase a COAV (Comisión de Ordenación Académica e Validación) e hai que aprobar as CEAS das prazas aprobadas. Enviouse un correo electrónico aos profesores para que formen parte das devanditas comisións, solo respostan os profesores Pedro Pablo Gutiérrez, Mónica Valderrama e Carmen López de Aguilera para a praza de Axudante Doutor de consolidación de profesor asociado e Montse Vázquez, Ana Belén Fernández Souto e el mesmo para a do segundo concurso. Proponse ademais que se intercambien as comisións, é dicir, suplentes e titulares nunha e noutra. O perfil sería docencia na área nos dous casos.

Mabel Míguez, pregunta se en ámbalas dúas prazas o perfil será o de docencia na área.

Carmen de Aguilera, non entende porque sae co perfil de docencia na área, as prazas saíron sempre con docencia en materias concretas; se na praza de promoción de asociados o que importa é a docencia, tería que saír co seu perfil.

José Rúas, se a docencia está asignada a un profesor non pode saír a concurso e, en canto ao proxecto docente, cada persoa que se presenta pode elixir a materia que considere oportuno. E no baremo das prazas, establécese que no apartado de experiencia docente a valoración total será para a docencia na área.

Carmen de Aguilera, a semana pasada aprobouse o POD (Plan de Ordenación Docente), o lóxico é que se fale co profesor para que a súa materia quedase vacante.

Montse Vázquez, a docencia vacante corresponde con anacos de materias. Na proposta de PODs aprobada a semana pasada ían sinalados os contidos que saían nas prazas, tanto na de Axudante Doutor de consolidación como na de Axudante Doutor do segundo concurso, así como a docencia da praza de consolidación deste curso e que aínda non está resolta, así como a lista de agarda. Falamos de docencia na área porque son prazas de axudante e os axudantes dan a docencia que queda. Vicente Badenes elixiu para a súa docencia a materia de *Planificación e Xestión de Medios Publicitarios* completa e o que queda é *Avaliación da Eficacia Publicitaria*. O proxecto docente a presentar é o da materia que queira e, en todo caso, o baremo na experiencia docente é en toda a área, co 100% da puntuación.

Carmen Aguilera, segue sen entender por que cando se aprobou o POD non se avisou ao profesor. Cree que é mellor sacar a praza cun perfil cerrado para mellorar a posición da persoa con maior experiencia e non está de acordo con esta forma de proceder.

José Rúas, hai unha intención clara de promocionar ao profesorado, pero un axudante é un axudante e outra cousa é un titular, catedrático ou contratado doutor onde hai un perfil definido e outra cousa é un axudante.

Houbo prazas que non se axustaban á docencia ou especialización de quen se presentaba.

Mabel Míguez, reconece que só viu no POD o que a ela competía e non se fixou en máis nada, pero entende que cando un asociado elixe docencia o departamento debe asesoralo sobre o que é mellor, cre que o que habería que facer é deixar vacantes 50 horas de *Planificación e Xestión de Medios* para o perfil de Axudante Doutor de consolidación e despois, a CEA podería matizar que se valorará de forma específica a docencia no perfil e iso non se pode facer se non hai perfil, xa que a outros docentes que veñan con millóns de horas en *Iluminación* ou calquera outra materia da área tamén se lle computa, igual que tampouco se pode limitar cara ao perfil o que está en investigación.

A miña suxestión é preguntar á Vicerreitoría se ao ser unha praza de promoción de asociados pode facerse esa modificación para que esa praza poida saír con ese perfil.

Montse Vázquez, o dito cambio implica unha modificación do POD que ten que volver a pasar polo Consello de Departamento e non hai prazo para iso.

Paulino Pérez, para promocionar á xente hai que centrar os perfís, porque pode vir alguén da Coruña que leva 8 anos con docencia en *Realización* e se merenda a calquera.

José Rúas, non sempre foi así, saíron prazas sen estar asignadas a materias, poñendo como exemplo a praza de Contratado Doutor de Paulino Pérez que saíu co perfil de *Metodoloxía dos Medios Audiovisuais*.

Paulino Pérez lembra que foi un erro e que a praza era *Tecnoloxía dos Medios Audiovisuais* e o proxecto docente da praza foi nesa materia, cuestión corroborada por varios profesores

José Rúas, revisando as prazas dos últimos anos e as que tiveron lugar e vendo as actas dos Consellos, nunca houbo debate sobre perfís e prazas e agora parece que todo se pon en dúbida, todo sae a debate, todo hai que votalo, nunca houbo problemas nas prazas que saíron ata hoxe, cuestión que non entende, xa que incluso se deixou docencia a profesores e logo facíanse modificacións en POD para que o profesor volvera á súa docencia.

Emma Torres, solicita, o primeiro, un coidado nas formas por parte do director do departamento porque se teñen levado a cabo varios Consellos nos que perde as formas, cuestión que lle sorprende, pois non estamos no pleno dun concello senón nun Consello de Departamento dunha Universidade.

Parécelle preocupante que na maior parte das críticas que se están facendo ao Departamento, e que ten que ver cos cambios feitos nas dinámicas de traballo, que ata agora estaban funcionando ben, a defensa do Departamento sexa o ataque incluso con argumentos preparados e apoiados en erros no DOGA. Recorda que, dende que existe o Departamento como tal, a dinámica habitual era reservar unha docencia determinada para a persoa que ía a promocionar, para protexer a formación dos que estaban aquí, de tal forma que, cando unha praza saíse a concurso estivese nas mellores condicións posibles para presentarse. Os maiores dicían aos novos cara a onde orientar a docencia e a investigación cara a unha área concreta que facilitase unha mellor puntuación nas prazas que saían a concurso. Incide en que cando foi directora ningunha praza saíu co perfil de docencia na área porque abría a posibilidade a docentes que non eran da casa. O que se transmite agora é que se sacamos unha praza debe

ser co perfil de *Planificación e Xestión de Medios* e non cun perfil calquera que pode gañar unha persoa que vén doutra universidade.

A proposta que fai Isabel Míguez é a máis lóxica e razoable. Pode que a situación que vivimos propiciou que non vésemos o POD con toda a atención, pero parece raro que o profesor inmerso nesa situación non fose asesorado nese sentido porque todos o fomos, ela mesma a primeira, todos eliximos un perfil e fixemos a nosa carreira docente, académica e investigadora nese perfil. Non hai que sacar DOGAS, nin escritos, nin estatísticas, simplemente razoar que o máis axeitado sería que esa praza saíse cun perfil dun experto que xa temos, formado nese perfil, porque de non ser así, pode entrar xente de Relacións Públicas ou de Comunicación Política onde xa hai bastante xente.

Pide ao profesor Rúas, de forma persoal, que evite os ataques, xa que aquí todos somos compañeiros. Non é normal que non se admitan críticas porque o máis problemático que hai na Universidade é a xestión nos departamentos da promoción e saída das prazas. As críticas son construtivas, non se poden facer as cousas con escurantismo e sen aceptar o que din os demais.

José Rúas, non se pode atacar e logo vir en plan salvador ao Consello de Departamento. Claro que pode haber críticas, pero hai que responder de forma razoada e documentada porque se me preguntan por datos terei que telos, se se fala de criterios para as prazas terei que coñecerlos, manifesta que, se falamos da composición das CEAs cando a profesora Emma Torres era directora, as comisións chegaban cerradas aos Consellos de Departamento, de feito, recorda que a el ninguén lle avisaba para formar parte delas, polo que mellor non falar de escurantismo. Lembra á profesora Torres que reivindica as formas cando no anterior Consello manifestaba que dende o Departamento se fixera un POD de escándalo...

Xosé Baamonde, hai que mirar cara adiante e ver como pode saír a praza, canto máis afinemos, máis doado para o docente que é especialista niso, por iso sería importante que o perfil fose o de *Planificación de Medios*. Hai que protexer a praza dentro das posibilidades que saia co perfil de *Planificación* e que non se valore outra docencia e así se permita ter unha vantaxe de saída á xente que estivo preparándose durante anos.

Montse Vázquez afirma que, ante o ton que está adquirindo este Consello, todos estamos perdendo un pouco os papeis, entrando nunha dinámica que non é sa para ninguén. O anterior Consello de Departamento foi bastante desagradable e este empeza a ser igual, estanse vertendo unha serie de acusacións que non acaba de entender. Sobre o que se formula agora sobre o perfil da praza, despois dun Consello sobre o POD que durou seis horas e onde ía ese

perfil, manifesta estar tan sorprendida do que está escoitando que xa non sabe nin o que se pode nin o que non se pode facer.

Entende que non hai ningún problema para Vicente Badenes de que a praza saia co perfil de docencia na área, porque cando se constitúen as comisións os criterios pódense axustar e a docencia é do 100% de valoración na área.

Afirma que ela non pode contribuír moito máis, considera impresentable todo o que se está escoitando esta mañá no Consello de Departamento e non cre que reflicte o que ningunha das persoas do Departamento son.

Mabel Míguez: propón que se envíe á COAV o documento onde poña que o perfil da praza é *Planificación e Xestión de Medios*, se a COAV o aproba así, adiante e, se o manda de volta, danos a oportunidade de convocar un novo Consello para facer as modificacións de POD que sexan precisas.

Montse Vázquez: lembra que faltan dúas persoas para os tribunais, se non haberá que tirar da lista.

Mabel Míguez: acepta estar se a praza sae co perfil de Planificación, se non é así pide que a quiten.

Carmen Aguilera: igual que Mabel Míguez, acepta estar se o perfil é Planificación, senón tampouco quere estar.

Emma Torres: igual que Mabel Míguez, acepta estar si el perfil es Planificación, si no tampouco quere estar.

Paulino Pérez recorda que a CEA da lista de agarda está activa aínda.

Montse Vázquez lembra que o mesmo ocorre coa CEA de Axudante Doutor.

Apróbase a praza e a CEA:

Presidente: Pedro Pablo Gutiérrez. Secretaria: Mónica Valderrama

Vocais: Carmen López de Aguilera, M^a Isabel Míguez, Emma Torres

Suplentes: José Rúas, Montse Vázquez, Ana Belén Fernández Souto, Juan Corbacho Valencia, Fortunato Rodríguez.

Profesora Emma Torres pregunta polo perfil da segunda praza de Axudante Doutor.

Montse Vázquez: a proposta é docencia na área xa que hai tres materias con docencia vacante, pero... visto o visto coa anterior...

Carmen Aguilera: volve a repetir que hai que sacalas con un perfil, docencia vacante é abrir a man a calquera e non lle parece coherente.

Alberto Dafonte, o POD xa se aprobou, xa se falou sobre a cuestión dos perfís e volver agora sobre o mesmo tema é enmarañado, é un problema que xa estaba sobre a mesa e decidiuse seguir adiante.

José Rúas, hai que completar tribunais, corresponderíalle a Juna Corbacho e Fortunato Rodríguez.

Fortunato Rodríguez, pregunta se as CEAs serán virtuais ou presenciais porque se son presenciais non poderá asistir porque pertence ao colectivo vulnerable, ademais tampouco está de acordo en que saia sen perfil, xa que cre que é unha artimaña.

Xosé Baamonde, afirma que non lle importa estar de suplente, pero falamos do segundo semestre e aínda non se sabe como vai ser.

Ana Belén Fernández Souto, todos teremos que adaptarnos ás circunstancias.
Apróbase a praza e a CEA.


Presidente: José Rúas Araujo. Secretaria: Montse Vázquez Gestal

Vocales: Ana Belén Fernández Souto, Juan Corbacho Valencia, Fortunato Rodríguez.

Suplentes: Pedro Pablo Gutiérrez, Mónica Valderrama, Carmen López de Aguilera, M^a Isabel Míguez, Emma Torres.

Levántase a sesión ás 14:15 horas.

Director do Departamento



Secretaria do Departamento